Obxectivos:

O obxectivo xeral desta actividade é que o alumnado experimente, desde unha posición distinta á súa habitual, como as decisións adoptadas na preparación dun contrato determinan a súa execución, e que identifique o rastro documental que debe existir no expediente para soster cada unha desas decisións.

Persoas destinatarias:

O taller está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes públicos instrumentais, que presten servizo en unidades de contratación.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, que preste servizo en unidades de contratación da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia, que interveña en calquera fase do ciclo contractual.

Este taller resulta especialmente indicado para:

- Persoal de servizos e unidades de contratación.
- Persoal técnico redactor de pregos de prescricións técnicas.
- Persoal de asesoría xurídica e secretarías.
- Persoal de intervención e control interno.
- Responsables de contratos e persoal de unidades usuarias.
- Persoal directivo con competencias en materia contractual.

Convocatoria:

DOG núm. 208, do 30 de outubro de 2026.

Modalidade de impartición:

Presencial, na EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: https://egap.xunta.gal/

Matrícula:

https://egap.xunta.gal/matricula

Formador, persoal docente:

Javier Vázquez Matilla.


Avogado. Consultor. Experto en contratación pública.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Taller práctico de simulación de roles (role-play).

CONTRATACIÓN PÚBLICA EN XOGO: DO PREGO Á EXECUCIÓN.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2026



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

SESIÓN DA MAÑÁ:

11.00 – 11.20 h. **PRESENTACIÓN**. **Encadre e asignación de roles.**

Presentación do caso, regras do xogo, repartición de fichas e entrega da documentación de partida: memoria xustificativa, borrador de prego técnico herdado do contrato anterior e relación de persoal a subrogar.

FASE I · PREPARACIÓN, REDACCIÓN DOS PREGOS E LICITACIÓN.

Pregunta que ordea a fase:

Que estamos a comprar exactamente e canto custa de verdade?

11.20 - 11.35 h. **O encargo e a presión dos prazos.**

Necesidade e idoneidade do contrato. Que debe dicir realmente unha memoria xustificativa? Consecuencias da planificación tardía.

11.35 - 12.00 h. **Traballo por roles.**

Cada equipo fixa a súa posición sobre catro puntos críticos: orzamento base e desagregación de custos salariais; solvencia esixida; criterios de adxudicación; subrogación e información laboral.

12.00 – 12.30 h. **Mesa de discusión do prego.**

Confrontación entre redacción técnica, redacción administrativa, intervención, asesoría xurídica, unidade usuaria, representación sindical e nivel político. Peche de decisións en pantalla.

12.30 – 12.40 h. Pausa café.

12.40 – 12.50 h. **Consultas preliminares do mercado ou direccionamento.**

Unha empresa facilita un modelo de prego «moi completo». Onde está a liña?

12.50 – 13.10 h. **Licitación, oferta anormalmente baixa e recurso especial.**

Apertura de ofertas, tramitación da baixa desproporcionada, exclusión dunha licitadora e vista abreviada ante o tribunal administrativo de recursos, que resolve en directo.

FASE II · EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Pregunta que ordea a fase:

Pode cambiarse este contrato sen volver licitalo?

13.10–13.25 h. **O arranque que non arrinca.**

Incorporación incompleta do persoal, incumprimentos de subrogación e queixas informais da unidade usuaria. Que debe facer hoxe o responsable do contrato?

13.25 – 13.45 h. **O atraso e as penalidades.**

Incumprimento sistemático de frecuencias. Constitución en moura, penalidades, audiencia e resolución. O grupo descobre que o prego que redactou non tipificou os incumprimentos: alternativas cando o prego non axuda.

13.45 – 14.30 h. **A modificación contractual.**

Ampliación do obxecto a dous edificios novos. Análise a dúas columnas: modificación prevista fronte á non prevista; límites cuantitativos e cualitativos; alteración das condicións esenciais; doutrina do TXUE sobre modificación substancial. Tramitación e publicidade. Traballo práctico sobre a ampliación proposta.

SESIÓN DA TARDE:

16.00 – 16.30 h. **A modificación executada antes de tempo.**

Núcleo da xornada.

A prestación ampliada leva sete meses executándose por indicación verbal, sen expediente e sen crédito. Chegan as facturas e a intervención formula reparo. Nulidade de pleno dereito, revisión de oficio, enriquecemento inxusto, recoñecemento extraxudicial de crédito e repartición de responsabilidades.

16.30 – 16.45 h. **A prórroga solicitada tarde e o fin do contrato.**

Continuidade do servizo, risco de prestación sen contrato e alternativas legais.

16.45 – 17.10 h. **Control e responsabilidade.**

Publicación do caso en prensa e petición de acceso ao expediente pola oposición. Requirimento de documentación polas forzas e corpos de seguridade do Estado: que separa o erro de xestión do ilícito penal? Fiscalización posterior polo órgano de control externo dous anos despois, sobre o que ninguén documentou no seu momento.

17.10 – 17.30 h. **Peche: reflexión conxunta e mensaxes clave.**

Retorno ao prego redactado polo propio grupo e identificación das cinco decisións que orixinaron os problemas. Rolda breve por roles. Entrega do decálogo da modificación contractual e da listaxe de comprobación do responsable do contrato.

17.30 h. **Clausura do taller.**

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.
As actualizacións poden consultarse na páxina web da Escola: https://egap.xunta.gal/